

# ACORDO REGULADOR POLO QUE SE ESTABLECE A MELLORA VOLUNTARIA DA ACCIÓN PROTECTORA DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SITUACIÓNS DE INCAPACIDADE TEMPORAL DOS/AS EMPREGADOS/AS DO CONCELLO DE AMES.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Real decreto Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modifica temporalmente o réxime retributivo do persoal incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social durante a situación de incapacidade temporal.

Así, de acordo con esta norma, cada Administración Pública determinará, respecto do persoal ao seu servizo, os complementos retributivos que en concepto de mellora voluntaria da acción protectora da Seguridade Social corresponda nas situacións de incapacidade temporal.

En todo caso, cando se trate dunha incapacidade temporal por continxencias comúns, durante o tres primeiros días, tanto para o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social como para o persoal laboral, o complemento retributivo que con carácter de mellora voluntaria se poida establecer non poderá superar o cincuenta por cento das retribucións. Así mesmo, desde o cuarto día da situación de incapacidade temporal por continxencias comúns e até o vixésimo, ambos inclusive, o complemento retributivo que con carácter de mellora voluntaria que se poida establecer non poderá superar o setenta e cinco por cento das retribucións.

Por último, o artigo 9.5 do RDL 20/12 prevé que cada Administración Pública poderá determinar, respecto do seu persoal, os supostos en que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se poida establecer un complemento ata alcanzar, como máximo, o cento por cento das retribucións que viñesen gozando en cada momento. A estes efectos, consideraranse en todo caso debidamente xustificadas os supostos que se recollan no Capítulo III deste acordo.

De acordo coa disposición transitoria décimo quinta do RDL 20/12, as previsións contidas no artigo 10 relativas ás prestacións económicas na situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas acollido ao Réxime Xeral da Seguridade Social serán desenvolvidas por cada Administración Pública.

## CAPÍTULO I. OBXECTO E DETERMINACIÓN DAS PARTES.

### Artigo 1.- Obxecto.

O presente Acordo adóptase ao abeiro do disposto no capítulo IV da Lei 7/07, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e ten como obxecto regular os complementos que se aboarán aos empregados e empregadas do Concello de Ames en concepto de mellora voluntaria da acción protectora da seguridade social nas situacións de incapacidade temporal.

### Artigo 2.- Determinación das partes que o concertan.

As partes que concertan este acordo son o Concello de Ames, no exercicio da súa autonomía local e os/as representantes legais do persoal funcionario e laboral do Concello de Ames.

## CAPÍTULO II. ÁMBITO, VIXENCIA E CONDICIÓNS DE APLICACIÓN.

### Artigo 3.- Ámbito persoal

De acordo co previsto no artigo 38.8 da Lei 7/07, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, as normas contidas neste acordo son de aplicación ao conxunto dos empregados do Concello de Ames.

### Artigo 4.- Ámbito funcional

O presente acordo é de aplicación ao conxunto de actividades e servizos prestados polo Concello de Ames en canto afecten ao persoal incluído no artigo anterior.

### Artigo 5.- Ámbito territorial

O acordo aplicarase no ámbito territorial do Concello de Ames, en todos os centros de traballo deste, sempre que neles preste servizo o persoal referido no artigo 3.

### Artigo 6.- Ámbito temporal

1. O presente acordo entrará en vigor unha vez cumpridos os trámites legais necesarios. Terá efectos retroactivos desde o 16 de outubro de 2012 (data de entrada en vigor do RDL 20/2012) e manterá a súa vixencia mentres permanezan en vigor as previsións do citado RDL 20/2012.

O preceptos contidos no presente acordo serán de aplicación ao persoal funcionario, laboral e eventual que presta servizos no Concello de Ames ou que se incorpore durante a vixencia deste acordo.

## CAPÍTULO III.- MELLORA DA ACCIÓN PROTECTORA DA SEGURIDADE SOCIAL NAS SITUACIÓNS DE INCAPACIDADE TEMPORAL

### Artigo 7.- Incapacidade temporal derivada de continxencias comúns.

Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns, durante o tres primeiros días, recoñécese un complemento retributivo ata alcanzar o cincuenta por cento das retribucións que viñan percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade. Desde o día cuarto ata o vixésimo, ambos inclusive, o complemento que se sume á prestación económica recoñecida pola Seguridade Social será tal que, sumadas ambas as cantidades, alcancen o setenta e cinco por cento das retribucións que viñesen correspondendo ao persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade. A partir do día vixésimo primeiro, recoñécese a totalidade das retribucións básicas e das retribucións complementarias que viñesen correspondendo ao persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

### Artigo 8.- Incapacidade temporal derivada de continxencias profesionais.

Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais, a prestación recoñecida pola Seguridade Social será complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar o cento por cento das retribucións que lle correspondesen ao devandito persoal no mes anterior ao de causar a incapacidade.

### Artigo 9.- Incapacidade temporal derivada de situacións extraordinarias.

Nos supostos nos que a situación de incapacidade temporal implique unha intervención cirúrxica ou hospitalización, as retribucións a percibir desde o inicio desta situación equivalerán igualmente ás retribucións que viñesen percibindo no mes anterior ao da incapacidade, aínda cando a intervención cirúrxica ou hospitalización teñan lugar nun momento posterior, sempre que corresponda a un mesmo proceso patolóxico e non existise interrupción deste.

Os procesos de incapacidade temporal que impliquen tratamentos de radioterapia ou quimioterapia, así como os provocadas por enfermidades/patoloxías crónicas, dexenerativas, irreversibles e/o incurables e as que teñan inicio durante o estado de xestación, aínda cando non dean lugar a unha situación de risco durante o embarazo ou de risco durante a lactación, terán esta mesma consideración de circunstancia excepcional. Tamén se considerará circunstancia

excepcional as enfermidades recollidas no anexo do Real Decreto 1148/2011 de 29 de xullo, para aplicación e desenvolvemento no sistema de Seguridade Social, da prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave. A concorrencia das circunstancias sinaladas neste apartado deberá ser acreditada mediante a presentación dos xustificantes médicos oportunos no prazo de vinte días desde que se produciu a hospitalización, intervención ou tratamento, sen prexuízo da posibilidade de presentar nova documentación nun momento posterior.

#### **Artigo 10.- Referencia para o cálculo do complemento salarial.**

Para o cálculo, segundo proceda, dos complementos e retribucións a percibir durante os períodos de incapacidade temporal teranse en conta as retribucións correspondentes ao mes inmediato anterior á data de inicio da situación de incapacidade temporal, sen computar en ningún caso as percibidas en concepto de gratificacións, horas extraordinarias, e produtividade ou calquera outra de carácter extraordinario.

Polo que se refire as cantidades derivadas da aplicación do sistema de compensación para o traballo en período festivo e nocturno, e dado o seu carácter variable, teranse en conta as contías percibidas nos últimos catro meses.

Naqueles casos nos que unha situación de incapacidade temporal se vexa interrompida por períodos intermedios de actividade e, de acordo coa normativa reguladora da Seguridade Social se considere que hai unha soa situación de incapacidade laboral sometida a un único prazo máximo (e así se faga constar como recaída no parte médico de baixa correspondente), o/a interesado/a terá dereito a continuar cunha porcentaxe do complemento que tivera con ocasión da alta previa de incapacidade temporal da que deriva a recaída.

Se se tivese concedida unha redución de xornada con redución proporcional de retribucións, os complementos ou retribucións a percibir calcularanse sobre as que lle correspondesen de acordo con dita redución proporcional de retribucións.

Se non se percibiron a totalidade das retribucións no mes anterior por calquera das causas que estean normativamente establecidas, tomaranse como referencia as retribucións que lle corresponderon en función do seu posto de traballo no mes anterior a aquél no que deu inicio a incapacidade temporal.

No caso de reingreso ao servizo activo, novo ingreso ou alta en nómina desde outras circunstancias que non leven aparelada a percepción de retribucións no mes anterior, tomaranse como referencia as retribucións do mes en que deu inicio a incapacidade temporal elevadas ao mes completo.

As pagas extraordinarias a percibir de acordo coa normativa que resulte de aplicación, non resultarán afectadas polas situacións de incapacidade temporal.

#### **Artigo 11.- Ausencia por enfermidade.**

As ausencias debidas a enfermidade que supoñan a non asistencia ao centro de traballo de ate tres días, requirirán a presentación do parte de baixa médica ou, no seu caso, do correspondente xustificante expedido polo facultativo que o atendera, ante o servizo de RRHH. A partir do cuarto día só se considerará incapacidade temporal a que se xustifique mediante o correspondente parte de baixa médica.

As ausencias debidas a enfermidade ou accidente non laboral que non dean lugar a incapacidade temporal non serán causa de desconto en nómina, co límite de catro días de ausencia ao longo de todo o ano natural, dos cales só tres poderán ter lugar en días consecutivos. Unha vez separado este límite, ditas ausencias comportarán a dedución de retribucións prevista para os tres primeiros días de ausencia por incapacidade temporal.

### **CAPÍTULO IV.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.**

#### **Artigo 12.- Comisión de seguimento.**

O Comité de seguridade e Saúde será o encargado de analizar, a petición do/a traballador/a outras patoloxías que, sendo inhabilitante para o traballo, non estean incluídas nos supostos excepcionais.

Para isto o traballador deberá solicitarlle ao Comité de Seguridade e Saúde, no prazo de vinte días desde que se produciu a baixa, o estudo do seu caso concreto e achegar para isto os xustificantes médicos oportunos.

Se o comité, unha vez estudado o caso, determina que o traballador deba percibir desde o inicio da situación de incapacidade temporal por continxencias comúns os haberes reais das retribucións que se percibira no mes anterior ao da incapacidade, esta patoloxía pasará a incluírse de xeito automático dentro dos casos excepcionais, e non terá que volver a estudarse no caso de que outro/a ou o mesmo/a traballador/a presente unha incapacidade pola mesma patoloxía.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

Para todo o non previsto neste Acordo, será de aplicación supletoria o establecido na Instrución Conxunta das Secretarías de Estado de Administracións Públicas e Orzamentos e Gastos de 15/10/12, pola que se dispón dar cumprimento ás previsións daquel en relación á situación ás situacións de incapacidade temporal do persoal ao servizo da administración do Estado.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, sen prexuízo do establecido no artigo 6 deste acordo